



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 21 DE SETEMBRO DE 2023

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as doce horas e un minuto do día vinte e un de setembro de dous mil vinte e tres, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. DAVID LÓPEZ SABORIDO

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ
D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ
D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Non asisten á sesión o Sr. concelleiro do grupo político de UxC, don Ramón Boga Moscoso e a Sra. concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, dona María Mercedes Prieto Lamas.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 21 de setembro de 2023, que

xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202309211001380000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE XULLO DE 2023 E Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 31 DE AGOSTO DE 2023

Acceso á videoacta – 00:00:35 horas

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de xullo de 2023 e á sesión ordinaria do día 31 de agosto de 2023, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de xullo de 2023 e á sesión ordinaria do día 31 de agosto de 2023, sendo aprobadas por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas da sesión ordinaria do día 27 de xullo de 2023 e da sesión ordinaria do día 31 de agosto de 2023.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS+ ADICIONAL 2/2023

Acceso á videoacta – 00:00:50 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos de data 11 de setembro de 2023 (CVD: //IPsdn6vBhzFUG9YNnQ), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Medio Ambiente, Mobilidade, Sanidade, Seguridade Cidadá, Turismo, Patrimonio, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica, na sesión extraordinaria de data 14 de setembro de 2023, que transcrita di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

O goberno municipal de Cambre propón ao Pleno da Corporación a aprobación dun paquete de actuacións financiadas con cargo ao Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS+) Adicional 2/2023.

O Concello de Cambre ten unha asignación para o POS+ Adicional 2/2023 dun total de 725.822,28€ que ben poderá destinalos a gastos correntes devengados durante o exercicio 2023, distintos dos financiados con cargo ao Plan Base, se así se solicitaron polo concello; ou ben destinalos a investimentos financeiramente sostibles.

A proposta presentada inclúe as seguintes actuacións:

- Destinar practicamente a totalidade do importe correspondente ao POS + Adicional 2/2023 (725.822,28 €) aos

investimentos financeiramente sostibles, que se indica a continuación:

Denominación	Importe (IVE engadido)
ORDENACIÓN E URBANIZACIÓN ESPAZO PÚBLICO NA CONTORNA DO APEADEIRO CECEBRE	381.868,05€
REFORMA DO PARQUE INFANTIL SITUADO EN RÚA FRANCISCO RODRÍGUEZ (CAMBRE)	144.757,06€
MELLORA FUNCIONAL DO PASEO DOS TEMPLARIOS. FASE 0 (O TEMPLE)	199.187,43€
TOTAL	725.812,54€

O importe total solicitado é de 725.812,54€.

Para a elección das actuacións, tívose en conta a enquisa xestionada pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, utilizada como instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades dotacionais básicas. En base a isto, as prioridades do Goberno Municipal son as de mellorar a accesibilidade para adaptarse ás esixencias da normativa e ir avanzando na eliminación dos déficits urbanos, así como facilitar o uso dos espazos públicos a toda a veciñanza do concello.

Para todas estas propostas comprobouse a dispoñibilidade e a titularidade municipal dos terreos. Con estes factores combinouse a necesidade das intervencións coa viabilidade, dando lugar ás propostas que se presentan.

Co proxecto denominado “*Ordenación e urbanización espazo público na contorna do Apeadeiro Cecebre*”, preténdese actuar na contorna do Apeadeiro, onde actualmente non se dispón dun itinerario peonil accesible e cuxa rede de saneamento e pluviais é unitaria.

Ao realizar obras na calzada actual, plantéxase unha reordenación de pavimentos e aparcadoiros existentes. Actualmente, a marxe norte da calzada non dispón de paso peonil desde o inicio da rúa, no cruce da AC-221, ata a entrada do Apeadeiro de Cecebre.

Proxéctase separar a zona de peóns (beirarrúa) da calzada mediante unha rigola de formigón. O pavimento de dita beirarrúa será tamén de formigón gris fratasado/cepillado.

O pavimento da calzada proxéctase en formigón bituminoso, procurando axustar a cota ao bordo existente na beirarrúa sur da estrada, onde actualmente está unha beirarrúa en boas condicións e os árbores da rúa.

As edificacións situadas ao norte da rúa Apeadeiro non dispoñen de saneamento canalizado á rede municipal, senon que dispoñen de fosas sépticas particulares.

Proxéctase a execución da rede de sumidoiros que conecte no cruce da estrada AC-221 coa rede municipal. A rede necesaria estímase inicialmente nun colector de PVC 315 cos pozos de rexistro correspondentes, e a vista da topografía existente, de entre 1 e 3 metros de profundidade.

Tendo todo isto en conta, a solución elixida vai dotar á zona dunha mellora significativa no tratamento de augas pluviais e accesibilidade, así como reurbanización e ordenación mellorando notablemente o aspecto e funcionalidade de todo o espacio urbano entorno ao Apeadeiro.

Por outra banda, coa obra denominada “*Reforma do parque infantil situado en rúa Francisco Rodríguez (Cambre)*”, preténdese actuar en dito parque, renovando os xogos infantís, valado e mobiliario en mal estado e que non cumpran a normativa vixente aplicable aos mesmos, así como retirar o pavimento de caucho existente e sustituílo por un novo chan de caucho amortiguante. A actuación complétase coa extensión de novo céspede e renovación da rede de rego.

O que se pretende é xerar espazos de descanso e disfrute, coa colocación de novo mobiliario urbano como bancos, papeleiras e mesa de picnic que cumpra a normativa aplicable vixente e renovando o valado perimetral existente.

Finalmente, propónse ao Pleno a inclusión no POS+2/2023, do proxecto denominado “*Mellora funcional do Paseo dos Templarios. Fase 0 (O Temple)*”. O Concello de Cambre, seguindo coas actuacións de mellora e de reordenación urbana

realizadas nas últimas datas na parroquia do Temple, pretende mellorar o deseño espacial do paseo marítimo dotándoo de elementos que naturalicen o conxunto e reforcen e inviten ao uso do propio paseo, sacándolle todo o potencial que éste propón.

Proponse, nesta Fase 0, a actuación sobre un tramo de paseo dunha lonxitude aproximada de 179,40 metros, baseada no deseño dun módulo de desenvolvemento do paseo cuxa sucesión faga posible completar a totalidade do mesmo. Dito módulo servirá como actuación estándar para calquera tramo do paseo marítimo e unificaría o deseño a unha mesma proposta capaz de adaptarse puntualmente ás diferentes zoas do seu trazado.

A actuación centrarase na mellora integral do pavimento e unha nova configuración dos distintos espazos con axardinamento e elementos de mobiliario e instalacións adaptadas ao novo deseño.

Tendo en conta o disposto no apartado 5.B.2.2 das bases reguladoras do Plan, solicitáronse todas as autorizacións necesarias para a execución dos proxectos segundo os correspondentes informes urbanísticos.

Tendo en conta todos estes razoamentos e logo de ver os informes urbanísticos emitidos pola arquitecta técnica municipal, no expediente da obra "Ordenación e urbanización espazo público na contorna do Apeadeiro Cecebre" con data 28 de agosto de 2023 (CVD: w+ePHYyOoSVMScmwIE+a), no expediente da obra "Reforma do parque infantil situado en rúa Francisco Rodríguez (Cambre)" con data 28 de agosto de 2023 (CVD: 1GmjtRtkfc4FtZkM1tL2), e no expediente da obra "Mellora funcional do Paseo dos Templarios. Fase 0 (O Temple)", con data 30 de agosto de 2023 (CVD: d/fYbcQtNqNDi03Hi3XM).

En base ó anterior, propoño ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2023" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	0,00€

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+2023	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)		
ORDENACIÓN E URBANIZACIÓN ESPACIO PÚBLICO NA CONTORNA DO APEADEIRO CECEBRE	381.868,05€	0,00€	0,00€	0,00€	381.868,05€
REFORMA DO PARQUE INFANTIL SITUADO EN RÚA FRANCISCO RODRÍGUEZ (CAMBRE)	144.757,06€	0,00€	0,00€	0,00€	144.757,06€
MELLORA FUNCIONAL DO PASEO DOS TEMPLARIOS. FASE 0 (O TEMPLE)	199.187,43€	0,00€	0,00€	0,00€	199.187,43€
TOTAL	725.812,54€	0,00€	0,00€	0,00€	725.812,54€

Aprobar os proxectos das obras que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2023 2ª FASE	Deputación	Concello			OrzamentoTotal
		Concello	IVE Soportado deducible	Total concello	
Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base	0,00€				0,00€
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+2023	725.812,54€	0,00€	0,00€	0,00€	725.812,54€
TOTAL	725.812,54€	0,00€	0,00€	0,00€	725.812,54€

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que se compromete a obter todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós, quen explica a proposta.

Interven en os voceiros do grupo municipal do BNG, Sr. Carballada Rodríguez e do grupo municipal de AV, Sr. Varela Fraguío.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos de data 11 de setembro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaseis (16), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, López Saborido, Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío e Castro Uzal.



Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos de data 11 de setembro de 2023 (CVD: //IPsdn6vBhzFUG9YNnQ), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as doce horas e quince minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe

O presidente

(Asinada dixitalmente)

Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria xeral

(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo